



CONCELLO DE XERMADE
Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
e-mail: xermade@concellodexermade.com
www.concellodexermade.com

Ref. IMPR

D.^a María Elena Sueiro Fernández, Secretaria do Concello de Xermade (Lugo)

CERTIFICO:

Que o Pleno do Concello de Xermade en sesión ordinaria celebrada en data 10 de xuño de 2010, adoptou, entre outros, por maioría absoluta do número legal de membros da corporación, o acordo que de seguido se transcribe literalmente:

<<3.- ACORDO DE CREACIÓN DA SEDE ELECTRÓNICA.

“PRIMERO. *Crear con efectos dende o 1 de xullo de 2010 a Sede Electrónica do Concello de Xermade na dirección electrónica <http://concelloxermade.sedeelectronica.es> cal titularidade, xestión e administración corresponde a este Concello e que cumprirá cos requisitos establecidos no Anexo I, que se integra e forma parte do presente Acordo.*

SEGUNDO. *Aprobar o catálogo de trámites e procedementos que o cidadán pode realizar por medios electrónicos ante este Concello e que se inclúen no Anexo II como parte integrante do presente Acordo, anexo que se poderá modificar por acordo plenario na medida en que se inclúan máis procedementos.*

TERCERO. *Establecer que a publicación de actos e comunicacións que, por disposición legal o regulamentaria, deban publicarse no taboleiro de anuncios se complemente ca súa publicación no taboleiro de anuncios electrónico incluído na Sede Electrónica, sen prexuízo de que poda ser substituída dita publicación, nos casos en que así se determine.*

ANEXO I

REQUISITOS DA SEDE ELECTRÓNICA

- Permitirá o acceso ós cidadáns para a realización de trámites co Concello.
- Conterá toda a información sobre os procedementos e trámites a seguir ante o Concello.
- Conterá unha relación dos procedementos dispoñibles electrónicamente.
- Permitirá coñecer por medios electrónicos o estado de tramitación dos expedientes nos que o cidadán teña a condición de interesado.
- Conterá toda a información sobre as autoridades competentes para cada actividade dos servizos ofrecidos.
- Conterá os distintos tipos de escritos, comunicacións, solicitudes que poidan presentarse ante o Concello.
- Incluirá, un buzón de queixas e suxerencias.
- Terá a posibilidade de que o cidadán obteña copias electrónicas.
- Incluirá a relación dos medios electrónicos dispoñibles para que o cidadán se relacione co Concello.



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
e-mail: xermade@concellodexermade.com
www.concellodexermade.com

— *Mostrará de maneira visible a data e a hora garantindo a súa integridade.*

— *Se incluírá unha lista cos días considerados inhábiles.*

— *No seu caso, se garantirá o acceso en ambas linguas cooficiais.*

— *Garantirá a identificación do titular da Sede Electrónica.*

— *Deberá dispor de sistemas que permitan o establecemento de comunicacións seguras sempre que sexan necesarias.*

— *Permitirá a publicación de actos e comunicacións que, por disposición legal ou regulamentaria deban publicarse no taboleiro de anuncios.*

— *Conterá a lista de sistemas de firma electrónica avanzada admitidos.*

— *Conterá a lista de sellos electrónicos utilizados polo Concello, incluíndo as características dos certificados electrónicos e os prestadores que os expiden.*

— *Conterá as disposicións de creación do Rexistro Electrónico.*

— *No seu caso, a Sede Electrónica permitirá a publicación electrónica de boletíns oficiais propios.*

— *Así como calquera outro requisito incluído na Lei 11/2007, de 22 de xuño, de Acceso Electrónico dos Cidadáns ós Servizos Públicos.*

ANEXO II

**CATÁLOGO DE PROCEDIMIENTOS ELECTRÓNICOS
DISPONIBLES**

1º. Solicitudes de certificados de empadramento.">>

E para que conste onde proceda coa salvidade do art. 206 do ROF, expido a presente certificación, de orde o co visto e prace do Sr. Alcalde-Presidente, en Xermade, a vinte e un de decembro de dous mil dez.



Vº Pr.
O Alcalde:

Asdo.- Tomás Rodríguez Arias

